

Compostela Cultura

# ARTES ESCÉNICAS 2024

## PRIMEIRO SEMESTRE

AUDITORIO DE GALICIA

TEATRO PRINCIPAL

SONOMA | CÍA. LA VERONAL | © Marina Rodríguez



# EnFoco

Para alén de mostrarnos unha coidada selección dos mellores espectáculos da creación galega e estatal, esta nova temporada escénica inicia unha articulación temática. Os focos que se acenden poñen énfase en diferentes cuestións (autoría, temas, xénero...) que merecen ser salientadas e dan pé ao debate e a deitar unha mirada de conxunto.

Os focos da programación son tres e agardamos que poidan servir para te achegar ás salas. Ademais dos espectáculos programados que os integran, a proposta enriquécese cunha serie de actividades paralelas para seguir o fío e complementar a reflexión e o debate.



# FOCO ESTHER F. CARRODEGUAS

↓

**20 de xaneiro:**
***Iribarne***

**24 de maio:**
***O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada***

**25 de maio:**
***Rapadas***

A dramaturga, actriz e *performer* Esther F. Carrodeguas (Rianxo, 1979) é unha das figuras da nova escrita dramática na contorna estatal. A súa traxectoria está fortemente ligada á nosa cidade. Fica na lembranza o seu texto *Voaxa e Carmín* onde, mediante unha escrita onírica e sintética, poñía sobre as táboas as irmáns Maruxa e Coralia Fandiño, para construír un drama universal sobre a opresión ás mulleres, as súas consecuencias e as formas íntimas de resistencia.

A súa compañía ButacaZero, que codirixe con Xavier Castiñeiras, é o artefacto que lle permite pór en escena os seus textos. De feito, a dupla Carrodeguas-Castiñeiras, xa é un binomio habitual nos escenarios galegos con montaxes como *Papagena*, unha pioneira ópera contemporánea galega; *Despois das ondas*, baseada na vida de María Casares; *32 m²*, comedia inmediata sobre a corentena e o confinamento ou *#Camiños*, sobre as identidades galegas contemporáneas.

Esther participou nas Residencias Dramáticas 2021 do Centro Dramático Nacional (CDN), e delas xurdiu a súa peza *Supernormales*, que aborda dun xeito directo, e con moito humor, o desexo e o sexo nas persoas con diversidade funcional. Foi levada a escena polo propio CDN con grande transcendencia e valeulle a Iñaki Rikarte o premio MAX á mellor dirección.

A temporada resérvanos 3 pezas que dan conta das temáticas tratadas pola autora: actualidade, contemporaneidade e recuperación e memoria histórica.

# FOCO NEOTRAD



TRA

↓

**29 de febreiro:**
***Bailador*, de Óscar Cobos**

**9 de marzo:**
***Ceibe*, de Fran Sieira**

**5 de abril:**
***Flamenco Futuro*, de Álvaro Murillo**

**28 de abril:**
***Berro*, de Nova Galega de Danza**

A vizosa situación da práctica do baile tradicional na cidade, cun forte ecosistema alicerzado no traballo cultural, formativo e asociativo, fai que xurdan propostas que dialogan, dende o tradicional co contemporáneo. No eido musical, o agromar de iniciativas neste senso foi evidente nos últimos anos. O mundo da danza leva xa tempo realizando este percorrido. Neste contexto, o foco NeoTrad quere pór de relevo e de manifesto as creacións e creadoras/es que parten do tradicional para realizar espectáculos que podemos encadrar no que entendemos como danza contemporánea.

Son propostas que abordan a tradición de xeitos diferentes: dende un punto de vista crítico, dende a inspiración comunitaria, dende a reestetización das formas ou dende o diálogo coas novas tecnoloxías. En todos os casos, o peso da tradición existe.

Tres propostas galegas: *Bailador* de Óscar Cobos, *Berro* de Nova Galega de Danza e *Ceibe* de Fran Sieira, entran en diálogo con *Flamenco Futuro* de Álvaro Murillo. Catro traballos ben diferentes que parten do tradicional para presentar discursos artísticos singulares que abordan temáticas moi diversas: dende o papel da comunidade na sociedade actual á cuestión da identidade na danza tradicional, pasando polo sexismo ou a relación do repertorio tradicional coa tecnoloxía.



# FOCO
# A VOLTAS COS CLÁSICOS

↓

**26 e 27 de xaneiro: *Romeo y Julieta despiertan…* de Entrecajas Producciones Teatrales e Teatro Español**

**16 de febreiro: *Iphixenia na porta do súper* da Compañía Humana**

**17 de febreiro: *La vida es sueño* de Lazona Teatro e da Compañía Nacional de Teatro Clásico (CNTC)**

**12 de abril: *Macho Grita* da Compañía Nacional de Teatro Clásico (CNTC)**

**19 de abril: 1888. *Señorita Xulia* de Estudo Momento**

**4 de maio: *La comedia de los errores* de Mixtolobo e o Festival de Mérida**

**19 de outubro: *As bruxas de Salem* do Teatro Nacional São João (TNSJ)**

Aquelas pezas que na súa época acadan unha relevancia e transcendencia pasamos a cualificalas como clásicos. Este proceso de canonización no mundo das artes escénicas está en diálogo constante co proceso de reinterpretación e adaptación á contemporaneidade. O sistema teatral articúlase a través do diálogo da creación escénica co seu pasado e coa creación de novo repertorio que sexa susceptible de engrosar o catálogo do canon.

A temporada presenta unha selección de pezas que dialogan estreitamente con este tipo de obras canonizadas, dende a antiga Grecia até os Estados Unidos do Macartismo, mediante propostas fieis ao orixinal, adaptacións ou mesmo inspiracións libres.

Os discursos artísticos que acolle son diversos: dende as grandes producións como a *La vida es sueño* de Declan Donelland até propostas anovadoras e frescas como a *Iphixenia na porta súper* da Compañía Humana.

Mesmos conflitos, diferentes contextos, pasa o tempo pero a esencia permanece. 'A voltas cos Clásicos' proponnos botar man do pasado para comprender o presente.



# ESCÉ NIC AS



Geraldine Leloutre

# IRIBARNE

## BUTACAZERO, CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL E MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO (MIT) DE RIBADAVIA

**AUDITORIO DE GALICIA**
**20 DE XANEIRO**
**19.00 H**

#conversando: o 19 de xaneiro ás 19 horas no Auditorio de Galicia

Prezo: 12 €

Descontos do 50 %

Idade recomendada: >16 anos

Duración: 180 min máis intervalo

Lingua: galego e castelán

**Foco Esther F. Carrodeguas**

*Iribarne* é un tipo nado na mesma vila que Rouco Varela (si: o cardeal) durante a Monarquía de Alfonso XIII (o primeiro promotor do cinema porno en España?, si-si: ese). Emigrado a Cuba con tan só un aniño –que coincidiu coa inauguración da ditadura de Primo de Rivera–, e tras facer as Américas durante un par de anos, o noso protagonista volve triunfante para ser o fillo do alcalde (e o da francesa). Empeza o bacharelato coa entrada da II República, case-case se fai cura durante a Guerra Civil pero decide liscar a Madrid -seguindo o rastro doutro galego ilustre- nada máis inaugurada a Era do Devandito (si, claro: o Caudillísimo). Con tanto afán tentou ser como o que máis pronto que tarde chegou a ser ministro no seu mandato, malia ter disparado dous días antes contra o cu da súa filla (pero que dis!? Si-si: dato real!). Sendo o primeiro e mellor opositor de España, quixo substituír o Caudillo cando este morreu. Non puido ser: non ía por oposición. Tivo que conformarse co cargo de vicerrei na súa querida Terra Galega.

Elenco: Mónica García, Xurxo Cortázar, Anxo Outumuro, Lidia Veiga, Jorge de Arcos, e Esther F. Carrodeguas
Dirección: Xavier Castiñeira
Coreografía e axudante dirección: Sabela Domínguez
2º axudante dirección: Antonio Castro
Espazo sonoro e temazos: Berto
Espazo escénico: Xavier Castiñeira e Diego Valeiras
Vestiario: Diego Valeiras
Iluminación: Diego Vilar – Equipo Creativo Rta
Audiovisuais: Pablo Fontenla
Asistencia técnica: Rta – Recursos Técnicos Artísticos
Texto: Esther F. Carrodeguas
Produción: Juancho Gianzo
Entrevistas: Inma López Silva, Pablo Fontenla
Comunicación: Equipo Sopa, The Office



# ROMEO Y JULIETA DESPIERTAN

## ENTRECAJAS PRODUCCIONES TEATRALES S.L. E TEATRO ESPAÑOL

**AUDITORIO DE GALICIA**
**26 E 27 DE XANEIRO**
**20.30 H**

Prezo: 14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 18 anos

Duración: 100 min

Lingua: castelán

**Foco A voltas cos Clásicos**

Todos coñecemos a excelente e lamentable traxedia de Romeo e Julieta. Os amantes que preferiron morrer xuntos antes que vivir separados.

Shakespeare di que a morte é o fin de todo e que Romeo e Julieta morreron abrazados no mausoleo de Verona. Agora 400 anos despois, ímosvos demostrar que Shakespeare se equivocara: Ana e Jesús vanvos contar a verdadeira historia deste amor prohibido.

Julieta e Romeo espertan despois dun longo soño, pero non se recoñecen. Julieta só ve un cabaleiro desorientado e Romeo mira unha dama moi ben conservada. Os dous cren que aínda son un par de adolescentes. Julieta pensa que só durmiu un par de instantes e espera ansiosamente o seu eterno amado; Romeo en cambio non se lembra de nada. E así, o que sempre cremos que era o final da traxedia, é o comezo da verdadeira historia dos amantes máis famosos do mundo.

Entre a felicidade de por fin poderen estar xuntos e a enorme tristeza de non ser quen de vivir unha vida enteira, xuntos os dous tentan pescudar como chegaron até aquí e que é o que aínda os une.

Elenco: Ana Belén, Jesús Noguero, Irene Rouco (violoncello), José Luis Torrijo (guitarra), David San José, Pablo Amorós (piano)
Dirección: Rafael Sánchez
Autor: Eberhard Petschinka
Tradución: Luis Carlos Mateo Ruiz
Axudante de dirección: Roberto Mori
Espazo escénico e vestiario: Ikerne Giménez
Iluminación: Carlos Marquerie
Dirección musical: David San José
Asesora de movemento: María del Mar Navarro
Produción executiva: Susana Rubio
Dirección de produción: Chusa Martín

Gobierno de España · Ministerio de Cultura y Deporte · inaem · PLATEA Programa Estatal de Artes Escénicas

ROM



# AS ALUMNAS

## CULTURACTIVA PRODUCIÓNS

**TEATRO PRINCIPAL**
**2 E 3 DE FEBREIRO**
**20.30 H**

*#posfunción:*
2 de febreiro ao remate da función

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 14 anos

Duración: 75 min

Lingua: galego

Dirixida a un público adulto, esa peza trata sobre a figura da pedagoga galega María Barbeito e sobre como o franquismo significou un enorme retroceso na educación do Estado, especialmente para as mulleres.

A educación, peza fundamental no desenvolvemento e na liberdade das persoas, sobre todo a das mulleres, é o eixe fundamental da obra.

As dúas personaxes femininas representan dous casos concretos de mulleres no marco histórico anterior e posterior á Guerra Civil, que nos levan a tocar as transformacións sociais do momento.

Paula Carballeira recibiu o Premio Nacional de Literatura Dramática 2023 por este texto.

Elenco: Anabell Gago e Mónica Camaño
Dirección: Fina Calleja
Texto: Paula Carballeira
Vestiario: La Canalla
Escenografía: Carlos Domínguez del Río

XUNTA DE GALICIA
REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



# ISOLADA

## NATALIA OUTEIRO “PAJARITO”

**TEATRO PRINCIPAL**
**15 DE FEBREIRO**
**20.30 H**

#posfunción: 15 de febreiro ao remate da función

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: público adulto

Duración: 50 min

Lingua: galego

*Isolada* é a chegada dunha pallasa a unha illa onde naufragar é sobrevivir, e o fracaso, unha forma de existir. Unha historia contada a través dela, do seu xeito de ver o mundo, dende a verdade do xogo, dende a pureza do ser. Todo muda a cada instante porque con todo se pode xogar no presente. Unha aventura chea de ilusión, xogo, imaxes; onde se fala de soños, soidade e loucura. Unha illa onde o riso e a poesía son o fío que liga as historias, e onde se volta á esencia do *clown*.

Unha creación de Natalia Outeiro "Pajarito"
Visión externa: Alfonso Medina, Arturo Cobas
Escenografía: Carlos Alonso, Alfonso Medina
Vestiario: Carlos Alonso
Fotografía: Semieira

ISOL



# IPHIXENIA NA PORTA DO SÚPER

## COMPAÑÍA HUMANA

**TEATRO PRINCIPAL**
**16 DE FEBREIRO**
**20.30 H**

#posfunción: 16 de febreiro ao remate da función

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: >12 anos

Duración: 75 min

Lingua: galego

**Foco A voltas cos Clásicos**

Iphixenia, unha *nin-nin* de barrio, pasa os días nun bucle de alcohol e apatía dando voltas polas rúas da súa vila. Unha noite coñece un tío distinto dos demais e comeza a sentir unha sensación estraña, como de non estar soa. A partir de entón, unha serie de circunstancias alleas levará a protagonista a sufrir unha grande perda.

Se no mito clásico Iphixenia era sacrificada polo seu pai Agamenón para contentar os deuses e proseguir coa guerra de Troia, nesta traxedia dos nosos días é a propia protagonista quen decide sacrificarse e converter o seu sufrimento en xenerosidade cara á sociedade que a marxina.

Interpretación: Alba Caneda
Dirección escénica: Sara Rey
Espazo escénico: As dúas e punto (C. Casal e Ma Torres)
Iluminación: As dúas e punto (C. Casal e Ma Torres)
Vestiario: Compañía Humana
Espazo sonoro: Marcos Grandal
Texto orixinal: Gary Owen
Tradución: Compañía Humana
Adaptación: Fran Peleteiro e Alba Caneda



# LA VIDA ES SUEÑO

## LAZONA E COMPAÑÍA NACIONAL DE TEATRO CLÁSICO

**AUDITORIO DE GALICIA**
**17 DE FEBREIRO**
**20.30 H**

Prezo: 14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 14 anos

Duración: 115 min

Lingua: castelán

**Foco A voltas cos Clásicos**

Un príncipe encadeado nunha montaña. Unha moza disfrazada de home en busca de vinganza. Revolución, amor, asasinato… pero en *La vida es sueño* é o real verdadeiramente real? Ou é todo un soño?

O director Declan Donnellan e o deseñador Nick Ormerod imprimen o seu espírito característico a esta obra de Calderón da Barca, a máis famosa do Século de Ouro español, dando prioridade ao actor, ao texto e ao espazo. Un muro verde de portas dá a benvida ao público. Cando as luces se apagan, establécese unha relación entre intérprete e audiencia. Ouvimos a Calderón no noso oído, preguntando: "Que é a vida?" E a súa resposta: "Unha ilusión, unha sombra, unha ficción. Porque toda a vida é soño, e os soños, soños son".

O traballo das e dos intérpretes revela unha obra que é á vez urxente, potente e profundamente contemporánea.

Elenco: Ernesto Arias, Prince Ezeanyim, David Luque, Rebeca Matellán, Manuel Moya, Alfredo Noval, Goizalde Núñez, Antonio Prieto, Irene Serrano
Dirección: Declan Donnellan
Adaptación da dramaturxia: Declan Donnellan e Nick Ormerod
Deseño de escenografía e vestiario: Nick Ormerod
Deseño de iluminación: Ganecha Gil
Deseño de son e composición: Fernando Epelde
Asesor de dramaturxia: Pedro Villora
Movemento: Amaya Galeote
Director técnico: Raúl Sánchez
Rexedor: Alex Stanciu
Maquinista: Sira González
Dirección de produción: Miguel Cuerdo
Produción executiva: Elisa Fernández




# NOSO

## OS NÁUFRAGOS TEATRO

**TEATRO PRINCIPAL**
**23 DE FEBREIRO**
**20.30 H**

#posfunción: 23 de febreiro ao remate da función

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: >14 anos

Duración: 70 min

Lingua: galego

Nicolás reúne a súa familia para despedirse do espazo que o viu crecer, a casa da infancia, un vello ultramarinos-bar que rexentaban os seus pais e no que agora vive Nicolás con María, a súa parella. Unha expropiación por causa dunha autoestrada que pasará por ese lugar é o motivo desta xuntanza. Olivia e Rubén acoden, logo de moitos anos sen contacto familiar.

As lembranzas do pasado, unha visita non esperada, as relacións entre irmáns, a necesidade de mirar ao futuro e a importancia do pasado fan de *Noso* unha dramedia que fai visible o conflito xeracional e a pertenza ao lugar de onde vimos.

Elenco: Denis Gómez, María Roja, Rebeca Vecino, Jimmi Núñez e Sete Eiroa
Espazo escénico e vestiario: Marisa de Lalglesia
Deseño de iluminación: Daniel Pais
Música: Os Náufragos Teatro
Axudante de dirección: Irene Lorenzo
Produción: Antonio Vázquez



# BAILADOR

## ÓSCAR COBOS

**AUDITORIO DE GALICIA**
**29 DE FEBREIRO**
**20.30 H**

Prezo: 10 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: público adulto

Duración: 55 min

Lingua: sen texto

**Foco NeoTrad**

*Bailador* é unha peza de danza galega contemporánea baseada nas músicas de Berrogüetto. Trátase dunha obra coreográfica que rende unha profunda homenaxe a unha música que non naceu para ser bailada, onde a danza de raíz galega se mestura con outras linguaxes do movemento para darlle un sentido corporal á música dun grupo que transformou o xeito de facer e de entender o son da nosa terra.

*Bailador* reivindica o papel fundamental da muller galega como preservadora e transmisora da nosa sabedoría popular; se o noso baile chegou até os nosos días foi grazas a elas, mulleres eclipsadas da nosa historia que en moitos casos non se atrevían a "levar o baile" por mor de verse rexeitadas nos seus círculos máis próximos.

*Bailador* é unha mostra de respecto, cariño e admiración a todas esas mulleres que, de xeración en xeración, foron quen de perpetuar no tempo as formas danzadas que configuran o noso baile facendo gala, en moitos casos, de habilidades únicas.

*Bailador* é un espectáculo de mulleres feito por mulleres. É a nosa danza dende o prisma do feminino. Un conto sen historia onde a música e a danza se explican a si mesmas, onde están representadas entre outras, a señora Balbina, de Carcacía, a señora Rosa, de Acevedo, a señora Matilde, de Limiñoa, ou a señora Concepción, de Santa Comba.

*Bailador* é un divertimento apto para todos os públicos, unha contradición en si propia que dá conta de que "nós somos porque elas están, e non ao revés".

Produción: Óscar Cobos Compañía de Danza
Dirección: Óscar Cobos
Director artístico: Jaime Pablo Díaz
Axudante de dirección: Iván Villar
Coreografía: Óscar Cobos, Jaime Pablo Díaz e Iván Villar
Bailadoras: Ruth Pérez, Nerea Fouz, Rebeca Tallón, Nuria Gesteira, Marta Mosquera, Uxía Portela, Cristina Canosa, Eva Diago e Lorena Toimil
Escenografía e vestiario: Carolina Díguele
Música: Berrogüetto e Sergio Cobos
Deseño e iluminación: Daniel Pais
Son: Francisco Alvarellos
Fotografía: MateStudio



# EL PADRE

## FOCUS-TEATRE ROMEA

**AUDITORIO DE GALICIA**
**1 DE MARZO**
**20.30 H**

Prezo: 14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: >14 anos

Duración: 90 min

Lingua: castelán

Andrés, un home de setenta e seis anos, culto, retranqueiro e testalán, está a perder a memoria, pero resístese a aceptar ningún tipo de axuda e rexeita todos os coidadores que a súa filla, Ana, tenta contratar. A medida que trata de dar sentido ás súas circunstancias cambiantes, Andrés empeza a dubidar dos seus seres queridos, da súa mente e mesmo da súa propia vivencia da realidade.

Título orixinal: Le Père
Autoría: Florian Zeller
Tradución: Joan Sellent
Dirección: Josep Maria Mestres
Elenco: José María Pou
Escenografía: Paco Azorín
Vestiario: Nina Pawlowsky
Iluminación: Ignasi Camprodon
Espazo sonoro: Jordi Bonet
Caracterización: Núria Llunell


Unai Beroiz Nieto

# DESPROVISTO

## UPARTE

**TEATRO PRINCIPAL**
**2 DE MARZO**
**20.30 H**

Prezo: 10 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: todos os públicos

Duración: 55 min

Lingua: castelán

Desprovistos de todo salvo de nós mesmos, á eterna procura por librarnos das aparencias, os prexuízos e os roles, mostrándonos espidos e vulnerables ao mundo, onde sempre atoparemos o outro en momentos de dúbida.

*Desprovisto* é unha aposta pola plasticidade, o flexible e o cambio. Unha obra que mantén a esencia dos anteriores traballos da compañía: un alto nivel técnico acrobático, intérpretes naturais e unha idea central que move a obra, pero que non é imprescindible coñecer para gozar do espectáculo. Ao mesmo tempo, a compañía mergúllase nun novo camiño, pasando do ríxido ao flexible e incorporando tecidos á investigación acrobática e á danza como recurso. O resultado é un espectáculo rechamante e visual, que consegue conectar co público de forma natural e, á vez, deixalo sen alento.

Elenco: Gisela Segatti, Guimelh Martín, Paco Caravaca, Sofía Acosta, Daniel Luengo e Alma Montero
Deseño gráfico: Andrés Guerrero e Emmanuel Vizcaíno
Vestiario: Rocío Pérez
Técnica acrobática: Vitaly Motuzka
Dirección: Pau Portabella
Produción: Cía. UpArte,
Coprodución: Nacho Vilar Produccions

DES

Red de comisiones artísticas
Gobierno de España · Ministerio de Cultura y Deporte · inaem · PLATEA Programa Estatal de Artes Escénicas



# DEADPAN KARAOKE

## IBUPROFENO TEATRO

**TEATRO PRINCIPAL**
**7 E 8 DE MARZO**
**20.30 H**

#posfunción: 7 de marzo ao remate da función

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: público adulto

Duración: 90 min

Lingua: galego

*Deadpan*, do inglés 'cara morta, baleira de expresión, imperturbable'; *Karaoke*, do xaponés *kara* ('baleiro') e *oke* ('orquestra').

*Deadpan Karaoke* é un espectáculo unipersoal de carácter participativo que propón como ingredientes principais o absurdo, a estupidez, a sorpresa, a comedia, a música e o cine, todo enmarcado nun espazo que transite do real ao onírico cunha clara ambición plástica e que capture o carácter sublime do amor a través de momentos de gran beleza.

Deadpan é unha personaxe incapaz de sentir e de expresar emoción, o que lle outorga a autoridade e a claridade necesarias para descifrar o universo do amor a través desta catarse cómico-musical.

Podemos nesta sociedade de narcisismo extremo lanzarnos ao baleiro do amor?

Dirección: Patricia Rodríguez
Interpretación: Marián Bañobre
Creación e dramaturxia: Patricia Rodríguez e Marián Bañobre
Axudantía de dirección e coreografías: Carmela Bueno
Deseño de son e composición musical: Mónica de Nut
Deseño de iluminación e escenografía: Violeta Martínez
Deseño e realización de audiovisuais: Marta Valverde, Gustaf Nilsson e Javier Lueje
Deseño de vestiario: Marián Bañobre
Realización de vestiario: Bety Busto e Marián Bañobre
Caracterización: Baia Fernández
Produción: Santiago Cortegoso
Técnica en xira: Violeta Martínez e Héctor Pazos

XUNTA DE GALICIA
REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



# CEIBE

## FRAN SIEIRA COMPAÑÍA DE DANZA

**TEATRO PRINCIPAL**
**9 DE MARZO**
**20.30 H**

Prezo: 10 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: >12 anos

Duración: 60 min

Idioma: galego

**Foco NeoTrad**

*Ceibe* é unha obra de baile e música tradicional que afonda na relación entre os roles de xénero e a nosa tradición.

*Ceibe* traballa sobre o xénero e as súas formas de operar en diferentes ámbitos do día a día, incluíndo unha manifestación cultural tan importante como o baile tradicional.

Trátase de entender que é o xénero para nós como individuos, como colectivo e tamén como sociedade. Reflexiona sobre as categorías de xénero e os seus estereotipos impostos socialmente para establecer distancia coa normalidade e arrastrala cara ás marxes, e dende aí formular e construír novas formas de entender o corpo e o movemento. Cuestiona, por tanto, as identidades de xénero normativas e hexemónicas para comprender e compartir que o xénero opera sobre todos os corpos.

Elenco: Cristina Canosa Prado, Aida Tarrío Torrado, Adela Otero Vázquez, Sabela Domínguez Pérez, Artur Pastoriza Puga, Martín Mondragón Rivadulla, André Adrio Rodríguez, Patricia Sánchez Seoane
Dirección: Sergio R. Suárez
Codirección artística: Fran Sieira
Bailarín: Sergio R. Suárez
Asesoras de dirección artística: Andrea Quintana e Gena Baamonde
Deseño do espazo escénico: Laura R. Iturralde
Iluminación: Fidel Vázquez
Música: Xisco Feijoó e Carlos Quintá
Espazo sonoro: Isaac Millán (sons en directo)



# MANUELA REY IS IN DA HOUSE

## TEATRO NACIONAL DONA MARIA II, TEATRO NACIONAL SÃO JOÃO, CENTRO DRAMÁTICO GALEGO, TEATRO DO NOROESTE – CENTRO DRAMÁTICO DE VIANA

**TEATRO PRINCIPAL**
**14, 15 E DE 16 MARZO**
**20.30 H**

#posfunción: 15 de marzo ao remate da función

Prezo: 12 euros

Descontos do 50%

**Estrea en Galicia**

Idade recomendada: >16 anos

Duración: 80 min

Lingua: portugués e galego

Manuela Rey, “a muller lirio”, é máis que unha liña no libro dos enterros do cemiterio dos Praceres, en Lisboa. É un misterio que comeza en Mondoñedo, nunha casa de aldea, en 1842, e remata no Teatro Nacional Dona María II, en Lisboa. De Mondoñedo a Lisboa. De Galicia a Portugal. 23 anos de vida. 23 anos de teatro. Como reconstruír unha vida onde só temos anacos soltos e contraditorios?

Sabemos que despois de seis anos foi entregada a unha compañía teatral itinerante, que percorreu León, Palencia, Bragança, Valença, Ponte de Lima, Viana do Castelo, Régua, Porto para que o grupo familiar adoptivo chegase a Lisboa e triunfase no Teatro Nacional Dona Maria II e morrese como unha estrela aos 23 anos. Manuela Rey é a historia esquecida do teatro galego e portugués. Actriz. Escritora. Neste espectáculo tentamos recuperar o que quedou da súa memoria. Porque sen memoria non hai Historia.

Dirección de escena e dramaturxia: Fran Nuñez
Elenco: Mariana Carballal, Neto Portela, Nuno J. Loureiro, Rafaela Sá, Raquel Crespo, Teresa Vieira, Xosé Lois Romero
Escenografía e vestiario: Pedro Azevedo
Deseño de luz: Nuno Meira
Apoio ao movemento: Guilherme Sousa
Apoio á creación: Neto Portela
Textos: Paula Ballesteros, Xaquín Núñez Sabarís, Ernesto Marecos, Sousa Bastos, Manuela Rey, Almeida Garret, Eduardo Augusto Vidal, Mariana Carballal, Neto Portela, Nuno J. Loureiro, Rafaela Sá, Raquel Crespo, Teresa Vieira, Xosé Lois Romero
Música: Xosé Lois Romero
Arqueóloga investigadora do INCIPIT/ CSIC: Paula Ballesteros
Transferencia de documentación: Andrés García, Antonio Reigosa, Consello da Cultura Galega, Teatro Nacional Dona Maria II, Museo Nacional do Teatro
Construción de escenario: Centro Dramático Galego

XUNTA DE GALICIA
centro dramático galego



# FLAMENCO FUTURO

## ÁLVARO MURILLO

FLAM

**TEATRO PRINCIPAL**
**5 DE ABRIL**
**20.30 H**

Prezo: 10 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: todos os públicos

Duración: 50 min

Lingua: castelán

**Foco NeoTrad**

*Flamenco Futuro* é unha obra na que o intérprete traballa cun software biomecánico que representa o movemento na pantalla. A obra explora a relación entre o corpo humano, o baile, a súa aprendizaxe e a tecnoloxía.

Como esta tecnoloxía pode transformar algúns elementos na aprendizaxe do flamenco?

O único certo é o movemento. A través del, preténdese xerar un espazo para a exploración e a creatividade, analizando o Decálogo Flamenco proposto por unha das figuras máis innovadoras do baile flamenco, Vicente Escudero.

Dirección e interpretación: Álvaro Murillo
Deseño de iluminación: Juanlu León
Software biomecánico: Jesús Morenas de Laboratorio de Control Motor da Universidade de Estremadura
Asesoría artística: Carolina Le Port e Daniel Muñoz “Artomático”
Vídeo proxeccións: Alex Pachón, Jorge Cobos e Álvaro Murillo
Debuxo orixinal: Vicente Escudero
Mirada externa: Daniel Muñoz “Artomático”, Rosario la Tremendita e Niño Josele
Asesoría da coreografía: Antonio “El Farru” e Jesús Ortega
Música: *Por Cumplir* de Electroflamenco de Daniel Muñoz (Artomático), *Pulgar e Bastón* Jaleos Extremeños de Miguel Vargas, *Tientos Perdidos* de Vicente Escudero e *My Body is a Cage* de Arcade Fire
Produción: Fundación Música Creativa, Fundación Paco de Lucía, e Álvaro Murillo

DANZA A·ESCENA
La Red española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidad pública
GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE | inaem INSTITUTO NACIONAL DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA



# MORTAIS E VULNERABLES

## FURIA SOTELO

**TEATRO PRINCIPAL**
**6 DE ABRIL**
**20.30 H**

#posfunción: 6 de abril ao remate da función

Prezo: 10 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: >12 anos

Duración: 50 min

Lingua: sen texto

Este solo de danza interpretado pola bailarina Alejandra Balboa fai unha viaxe metafórica ao redor da fraxilidade da existencia humana.

A peza busca a esencia común a esta fraxilidade, máis aló das aparencias.

É unha proposta radical sempre que busca a raíz espida do acontecer.

Afastándose dos adornos anecdóticos dos acontecementos.

O corpo como protagonista e o movemento como vehículo para encarnar o mortal, o vulnerable, os desexos, o eterno retorno.

O circular e pendular como fío condutor das dinámicas espaciais.

A fragmentación e transformación dun corpo que se move entre a vontade e o devir.

Dirección e coreografía: Nuria Sotelo
Intérprete: Alejandra Balboa
Creación: Nuria Sotelo, Beatriz Palenzuela, Rafael de La Lastra
Asistentes de coreografía: Alejandra Balboa, Beatriz Palenzuela, Rafael de La Lastra
Colaboración: Mónica García, Nacho Cárcaba, Elisa Medina Hudgins
Espazo sonoro: Mounqup
Deseño de Iluminación: Del Ruiz
Fotografía: Rubén Vilanova
Vídeo: Carlota Mosquera, Rubén Vilanova

DANZA A·ESCENA

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE | inaem



Sergio Parra

# MACHO GRITA

## COMPAÑÍA NACIONAL DE TEATRO CLÁSICO (CNTC)

**TEATRO PRINCIPAL**
**12 DE ABRIL**
**20.30 H**

Prezo: 14 €

Descontos 50%

Idade recomendada: >14 anos

Duración: 90 min

Lingua: castelán

**Foco A voltas cos Clásicos**

En palabras de Alberto San Juan, fundador da compañía Animalario e impulsor do proxecto Teatro do Barrio, "*Macho grita* é unha crónica da miña propia cegueira sobre a historia do meu país. Un intento farfalleiro de aproximación ao proceso histórico polo cal se constrúe a norma que establece que é ser español. Un intento de entender como se constrúe o sistema de poder xerárquico que nos goberna, como se constrúe o macho –entendido como vontade de dominio–, neste territorio chamado España. Unha tentativa de identificar quen somos nós e quen os outros, e o porqué da guerra entre ambas as partes. A expresión, quizais, do anhelo de superar os pronomes persoais e desembocar en algo que, sen dor nin vergoña, podamos chamar vida", explica.

Unha comedia en formato musical que revisita o mito de Don Xoán e na que Alberto San Juan estará acompañado da súa banda integrada por Claudio de Casas, guitarra, Miguel Malla, saxo e teclado, Gabriel Marijuán, batería, e Pablo Navarro, contrabaixo.

Dramaturxia e dirección: Alberto San Juan
Intérprete: Alberto San Juan
Músicos: Pablo Navarro, Gabriel Marijuán, Miguel Malla, Claudio de Casas
Iluminación: Raúl Baena, Eduardo Vizuete
Vestiario e escenografía: Alberto San Juan
Fotos: Sergio Parra



# 1888. SEÑORITA XULIA

## ESTUDO MOMENTO

**TEATRO PRINCIPAL**
**19 DE ABRIL**
**20.30 H**

#posfunción: 19 de abril ao remate da función

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: >13 anos

Duración: 90 min

Lingua: galego

**Foco A voltas cos Clásicos**

Adaptación do clásico de August Strindberg de 1888. A señorita Xulia decide aproveitar unha ausencia do seu pai, o Conde, para organizar unha festa secreta cos criados. Durante a velada, seduce a Xoán, criado predilecto do Conde. Os dous amantes caen nun perigoso xogo de paixón, violencia, inocencia e amor. Dúas criaturas brillantes, vítimas do condicionamento social e moral dos seus mundos, tan diferentes... O texto de Strindberg sorprende –e atemoriza– por actual e contundente. É posible a igualdade entre home e muller? Entre ricos e pobres? Entre rei e escravo?

Tras o éxito de *1879. Casa de Bonecas*, Premio Luísa Villalta pola Igualdade en 2018, Estudo Momento volve demostrar o seu compromiso co feminismo, rescatando un clásico para seguir afondando na ardua tarefa de construír un futuro mellor, no que as mulleres sexan quen de pensar e vivir por elas mesmas.

Dirección: Xoán C. Mejuto e Iria Ares
Elenco: Xoán Carlos Mejuto e Iria Ares
Deseño de iluminación: Antón Arias
Deseño sonoro: Alberto Beade
Caracterización: Mara Collazo
Vestiario: Estudo Momento
Deseño de escenografía: Xoán C. Mejuto
Produción: Estudo Momento
Co-Produción e residencia técnica: Concello de Arteixo

XUNTA DE GALICIA
REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

# SONOMA

## LA VERONAL



Anna Fábrega

**AUDITORIO DE GALICIA**
**20 DE ABRIL**
**20.30 H**

Prezo: 10 €

Descontos do 50%

**Estrea en Galicia**

Idade recomendada: >12 anos

Duración: 75 min

Lingua: castelán

*Sonoma* é unha palabra que non existe no dicionario da lingua española. Con todo, contén as partículas do grego *soma* (corpo) ou do latín *sonum* (son): corpo de son e son do corpo.

Hoxe vivimos a Historia a fume de carozo, tan rápido, a un ritmo tan acelerado que apenas podemos seguila. De feito, xa ninguén sabe ben que está a suceder. Poderíase dicir que basicamente caemos cara a adiante, e durante esta caída acelerada -como nunha montaña rusa- berramos. *Sonoma* sería ese son do corpo mentres cae, a rabia do ser humano por seguir crendo que estamos vivos, que seguimos espertos.

*Sonoma* é a certeza de que o virtual e o dixital xa só poden ser superados por unha volta á orixe.

Marcos Morau retoma as ideas esenciais da peza que creou en 2016 para o Ballet de Lorraine: *Le Surréalisme au service da Révolution*, a partir da figura de Buñuel, ao redor da Calanda medieval e o París cosmopolita, entre a disciplina xesuítica e a liberdade surrealista. Agora todo ese microcosmos desenvólvese e amplíase en *Sonoma*, para o seu proxecto coa Veronal.

Idea e dirección artística: Marcos Morau
Coreografía: Marcos Morau en colaboración coas intérpretes
Elenco: Lorena Nogal, Marina Rodríguez, Sau-Ching Wong, Ariadna Montfort, Núria Navarra, Àngela Boix, Laia Duran, Anna Hierro, Alba Barral
Texto: El Conde de Torrefiel, La Tristura e Carmina S. Belda
Repetidoras: Estela Merlos e Alba Barral
Asesoramento dramatúrxico: Roberto Fratini
Asistente vocal: Mònica Almirall
Dirección técnica e deseño de iluminación: Bernat Jansà
Rexedor de escena, maquinaria e efectos especiais: David Pascual
Deseño de son: Juan Cristóbal Saavedra
Voz: María Pardo
Escenografía: Bernat Jansà e David Pascual
Deseño de vestiario: Silvia Delagneau
Dirección de produción: Juan Manuel Gil Galindo
Coprodución: Les Théâtres de la Ville de Luxembourg, Tanz im August/ HAU Hebbel am Ufer, Grec 2020 Festival de Barcelona – Institut de Cultura Ajuntament de Barcelona, Oriente Occidente Dance Festival, Theater Freiburg, Centro de Cultura Contemporánea Conde Duque, Mercat de les Flors, Temporada Alta, Hessisches Staatsballett no marco de Tanzplattform Rhein-Main

# ENTREGA EN MAN

## CONTRAPRODUCIÓNS



**TEATRO PRINCIPAL**
**26 E 27 DE ABRIL**
**20.30 H**

#posfunción: 26 de abril ao remate da función

Prezo:12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: público adulto

Duración: 90 min

Lingua: galego

Na cotrosa habitación dun cutre hotel dunha pequena e anónima vila americana, un home maduro e excéntrico ofrece unha recompensa por recuperar a man que, nun acto de cruel e gratuíta violencia, lle cortaron 27 anos atrás e que, dende aquela, leva buscando sen descanso. Un rapaz negro e a súa fermosa e branca moza pretenden enganalo ofrecéndolle unha man que, loxicamente, non é a súa. O estraño recepcionista do hotel entremétese e pon en risco a insólita transacción.

Unha comedia louca e denegrida na que, da man dun humor mordaz e corrosivo, zumega o tema do racismo, o machismo e a xenofobia.

Elenco: Evaristo Calvo, Santi Romay, María Roja e Diego Sales
Escenografía e atrezzo: Pablo Giráldez "El Pastor"
Vestiario: Belén Pichel
Iluminación: Afonso Castro
Música: Guillerme Fernández
Autor: Martin McDonagh
Versión galega: Cándido Pazó
Dirección de produción: Belén Pichel
Dirección de escena: Cándido Pazó

XUNTA DE GALICIA
REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



# BERRO

## NOVA GALEGA DE DANZA

**AUDITORIO DE GALICIA**
**28 DE ABRIL**
**20.30 H**

Prezo: 10€

Descontos do 50%

Idade recomendada: público adulto

Duración: 60 min

Lingua: galego

**Foco NeoTrad**

*Berro* representa o baleiro que supón ser persoas soas e illadas nunha sociedade sen memoria que debe procurar o movemento que lle lembre o seu pasado. Nunha viaxe que conecta os estados emocionais, amosa a importancia de recuperar esa esencia ancestral –a tradición, a terra, a raíz, a familia e a casa– a través da experiencia colectiva, sentindo a transformación na expresión do corpo.

Por medio de movementos pixelados que nacen do detalle, pausas, silencios e accións símbolo da lembranza ou a memoria da frase tradicional galega, como a expresión física e emocional, o elenco de bailaríns reproduce unha coreografía que conta coa dirección artística de Sharon Fridman, profesional israelí que ten traballado con agrupacións de todo o mundo e levado recoñecementos como o premio Max á mellor coreografía. Nesta ocasión, ao habitual corpo de baile da compañía (no que se atopan o gañador dun premio Max, Iván Villar, e os candidatos Ricardo Fernández e Inés Vieites) súmase o director de Nova Galega de Danza, o ferrolán Jaime Pablo Díaz. Asina a música Sergio Moure de Oteyza, candidato ao Goya á mellor banda sonora e habitual na equipa nestes vinte anos de percorrido

Dirección: Jaime Pablo Diaz
Dirección artística: Sharon Fridman
Música: Sergio Moure de Oteyza
Coreografía: Sharon Fridman – Bailaríns NGD
Asistente de coreografía: Melania Olcina
Elenco: Inés Vieites, Estefanía Gómez, Alba Cotelo, Laura Santamariña, Ricardo Fernández, Iván Villar, Jaime Pablo Díaz
Coordinación de produción e asistencia á dirección técnica: Ana Díez
Escenografía: Ikerne Giménez
Iluminación: Sharon Fridman e Dani Pais
Vestiario: Ikerne Giménez
Asesoramento de vestiario: Olga Kirk
Xastra: Inma Gómez (KKUM_Atelier)
Deseño de espazo sonoro: Alberto Beade

XUNTA DE GALICIA
REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



# O PUNTO IMPROPIO

## JAVIER MARTÍN

**TEATRO PRINCIPAL**
**3 DE MAIO**
**20.30 H**

#posfunción: 3 de maio ao remate da función

Prezo: 10 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: >12 anos

Duración: 60 min

Lingua: galego

*O punto impropio [A/S/V]* elabora movemento, son e imaxe en tempo real: unha sorte de rexistro e composición auditiva (A), somática (S) e visual (V) que, en exercicio resoante, activa e resignifica a coreografía.

Un corpo no esforzo de percibirse a si propio, que nos comparte as súas aproximacións, descubertas e revelacións. A entrada a un laboratorio no que a percepción se distorsiona e afina á vez, propoñendo novas sensibilidades. Unha experiencia que cuestiona o eu percibido, a identidade construída con base en proxeccións asumidas. Un desprazamento cara a outras posibles versións: canto de nós nos é alleo? que é o verdadeiramente propio e onde o atopamos?

Concepto e movemento: Javier Martín
Produción e acompañamento: Sabela Mendoza
Deseño sonoro: Adolfo García
Iluminación: Octavio Mas
Acompañamento coreográfico: Pep Ramis
Concepto sonoro e artefacto escénico: Javier Martín
Vídeo e fotografía: Leo López
Vestiario: Ferdy, Cremallera Studio, Anna Whirling
Cámara anecoica: Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación, Atlanttic – Universidade de Vigo
Residencias artísticas: Etopía Centro de Arte y Tecnología: Trayectos (Zaragoza); L'animal a l'esquena (Girona); Guelra, Gnration (Braga); A Casa Vella (Amiadoso)

XUNTA DE GALICIA
REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

# LA COMEDIA DE LOS ERRORES

## MIXTOLOBO S.L. E FESTIVAL DE MÉRIDA



Jero Morales

**AUDITORIO DE GALICIA**
**4 DE MAIO**
**20.30 H**

Prezo: 14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: >12 anos

Duración: 105 min

Lingua: castelán

**Foco A voltas cos Clásicos**

Estamos en Éfeso, cidade chea de raposeiros, de magos capaces de enganar o ollo, de escuros feiticeiros que trastornan o xuízo, de bruxas asasinas que deforman o corpo, de truáns disfrazados de lingoreteiros e pecadores libertinos.

Antífolo e Dromio de Siracusa, amo e criado, chegan á cidade buscando os seus respectivos irmáns xemelgos. O pai de ambas parellas de palíndromos tamén chega a Éfeso, pero detéñeno por ser un estranxeiro sen papeis nada máis pisar porto e é condenado á morte. Só atopando os seus fillos poderá salvarse.

Antífolo e Dromio de Éfeso viven na cidade e pasan por ser os seus irmáns siracusanos. Luciana e Adriana, parella destes últimos, son as primeiras en confundir os seus maridos cos irmáns deles. A partir de aquí erros con antigos debedores, xoias en mans equivocadas, débedas non saldadas, van endiañando os nosos personaxes até o punto de necesitar un exorcista. Todo se enredará máis e máis, erro sobre erro, até a aparición dunha Nai Abadesa que nin é monxa nin é virxe. Entón é cando o desastre se converte nunha festa.

Versión: Albert Boronat sobre o texto de William Shakespeare
Dirección: Andrés Lima
Elenco: Pepón Nieto, Antonio Pagudo, Fernando Soto, Rulo Pardo, Avelino Piedad e Esteban Garrido
Axudante de dirección: Laura Ortega
Deseño de escenografía: Beatriz San Juan
Deseño de vestiario: Paola Torres
Deseño de iluminación: Pedro Yagüe
Espazo sonoro: Sergio Sánchez Bou



# ADICTOS

## PENTACIÓN ESPECTÁCULOS

**AUDITORIO DE GALICIA**
**9 DE MAIO**
**20.30 H**

Prezo: 14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: >16 anos

Duración: 80 min

Lingua: castelán

*Adictos* xorde da necesidade de abordar unha problemática que nos afecta a todas as persoas: até que punto estamos sometidas á tecnoloxía? Somos realmente libres? Que tipo de sociedade construímos? Que panorama expón o noso futuro máis próximo? Realmente merecemos o cualificativo de "seres humanos"?

Unha ficción cuxas personaxes manifestan inquedanzas que nos incumben a todas e todos, cuestionando paradigmas que, até agora, asumimos como válidos e certos pero que poida que escondan mentiras que estean distorsionando as nosas vidas.

Os autores reivindican a través deste texto a capacidade de reacción do ser humano. O punto de rebeldía que sempre é necesario para que as cousas evolucionen cara a unha meta mellor, cara ao horizonte no que poidamos gozar dunha vida tecnoloxicamente sa e socialmente libre.

De Daniel Dicenta Herrera e Juanma Gómez
Elenco: Lola Herrera, Ana Labordeta e Lola Baldrich
Escenografía: Curt Allen Wilmer e Leticia Gañán - Estudiodedos (Aapee)
Vestiario: Pablo Menor
Iluminación: José Manuel Guerra
Espazo sonoro: Jorge Muñoz
Axudante de dirección: Jorge Muñoz
Dirección: Magüi Mira
Produtor: Jesús Cimarro



# MADE IN GALIZA

## SARABELA TEATRO

**TEATRO PRINCIPAL**
**16 E 17 DE MAIO**
**20.30 H**

#posfunción: 16 de maio ao remate da función

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: público adulto

Duración: 60 min

Lingua: galego

Como quen se deixa roubar o seu tesouro máis prezado, a actitude das galegas e dos galegos respecto á súa lingua non "resistiría" ningunha análise. E será que o galego é a lingua máis difícil do mundo? E será que deberemos constituír unha oficina de palabras perdidas? Palabras perdidas, roubadas...

Fronte ao "es que no me sale", "es que no se me da" *Made in Galiza* é un convite á República Independente da túa lingua. Non a imos perder nin en soños porque co galego imos "ao fin do mundo" e quen o proba o sabe!

A obra escrita por Séchu Sende no ano 2007 foi elixida como Libro do Ano no 2017, e xira ao redor dun tema que ten tanto que ver con nós como sociedade, que está nos alicerces da nosa cultura (foi Castelao quen dixo: "se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma").

Elenco: Fernando Dacosta, Sabela Gago, Elena Seijo e Josito Porto
Dirección: Fina Calleja

XUNTA DE GALICIA

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



# O ÚNICO QUE VERDADEIRAMENTE QUIXEN TODA A VIDA É SER DELGADA

**BUTACAZERO**

**TEATRO PRINCIPAL**
**24 DE MAIO**
**20.30 H**

#posfunción: 24 de maio ao remate da función

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: >16 anos

Duración: 55 min

Lingua: galego

**Foco Esther F. Carrodeguas**

Cunha sinceridade crúa e o seu clásico humor irónico, Carrodeguas aborda neste texto de auto[NON] ficción a relación co seu corpo, marcada pola gordofobia que se respira en calquera recuncho desta apaixonante sociedade da fermosura. Porque por moito que te escondas, a gordofobia sempre está ao teu carón. Sobre todo porque está en ti.

Texto e interpretación: Esther F. Carrodeguas
Dirección: Xavier Castiñeira
Sonoplastia: Juanma Lodo
Fotografías: Ana Barceló
Produción e distribución: Esther F. Carrodeguas



MIT Ribadavia

# RAPADAS

## BUTACAZERO

**IGREXA DA UNIVERSIDADE**
**25 DE MAIO**
**20.30 H**

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: >16 anos

Duración: 55 min

Lingua: galego

**Foco Esther F. Carrodeguas**

*Rapadas* nace da necesidade de compartir co público a documentación recadada por Esther F. Carrodeguas sobre as mulleres rapadas na (pos) guerra civil, no seu intento por escribir unha obra de teatro. A partir destes feitos do noso pasado, a autora investiga arredor do concepto de “rapada” a nivel histórico: de Xoana de Arco ás *Femmes tondues* (colaboracionistas); de Britney Spears a Jada Pinkett; de blogueiras descoñecidas a modelos internacionais. Neste camiño, Carrodeguas chega até as mulleres que no 2022 se rapan a si propias en Ucraína tentando non resultar atractivas a posibles violadores durante a invasión.

Texto: Esther F. Carrodeguas
Dirección: Xavier Castiñeira
Elenco: Esther F. Carrodeguas, Juanma Lodo e Sabela Domínguez
Sonoplastia e videoinstalación: Juanma Lodo

**AVANCE DO SEGUNDO SEMESTRE:**

# AS BRUXAS DE SALEM

## TEATRO NACIONAL SÃO JOÃO



TUNA/TNSJ

**AUDITORIO DE GALICIA**
**19 DE OUTUBRO**
**19.00 H**

Prezo: 14 €

Descontos do 50%

**Estrea estatal**

Idade recomendada: >12 anos

Duración: 155 min (con intervalo)

Lingua: portugués con sobretítulos

**Foco A voltas cos Clásicos**

"*As bruxas de Salem* foron un acto de desesperación". Palabras do dramaturgo Arthur Miller sobre a xénese desta obra, baseada en feitos históricos. En 1692, na pequena comunidade americana de Salem, mulleres e homes son perseguidos e xulgados por bruxaría. Os rumores e as mentiras fan estragos e ninguén parece estar a salvo de acusacións ou vinganzas. Estreada en 1953, *As bruxas de Salem* foi pensada como un paralelo á escuridade do macartismo que relaba o corazón de América, consumido pola febre anticomunista, que tamén matou a Miller. Dende o seu epicentro –unha fascinación primaria pola paranoia, que sacrifica individuos na súa furia colectiva– hoxe resoan múltiples ecos. Con ela Nuno Cardoso continúa a súa investigación sobre os fundamentos da vida comunitaria, noutro ensaio sobre a cegueira do home social. De novo Miller: "Por debaixo das cuestións sobre a xustiza, a obra descobre un caldo letal de sexualidade ilícita, medo ao sobrenatural e manipulación política".

De Arthur Miller
Director: Nuno Cardoso
Elenco: Ana Brandão, Carolina Amaral, Joana Carvalho, Jorge Mota, Lisa Reis, Mário Santos, Nuno Nunes, Paulo Freixinho, Patrícia Queirós, Pedro Frias, Sérgio Sá Cunha
Tradución: Fernando Villas-Boas
Escenografia: F. Ribeiro
Deseño de luz: Nuno Meira
Música e deseño de son: João Oliveira
Vídeo: Luís Porto
Movemento: Roldy Harrys
Vestiario: TNSJ
Axudante de dirección: Pedro Nunes
Produción: Teatro Nacional São João

# EN FAMI LIA





# SOLO

## ROI BORRALLAS

**27 DE XANEIRO**
**TEATRO PRINCIPAL**
**18.30 H**

Prezo: 3 €

Idade recomendada: >8 anos

Duración: 45 min

Lingua: galego

O hábitat natural de calquera pallaso é a escena, co seu público. Pero que pasa cando queda só? É no camerino onde se mesturan persoa e personaxe. Onde se desfigura a liña que os separa. Un limbo que non é o escenario nin a vida real.

É nesa fronteira onde ten lugar este espectáculo... Pasen e vexan a traseira deste artista, as súas ideas e tolemias.

Vexan como se defende da soidade e a rutina con imaxinación e humor. Pasen e vexan o que ninguén ve. Unha persoa ante si propia. Un actor sen público, un pallaso cando ninguén o observa. Unha excelente interpretación do mellor clown xestual.

Idea orixinal: Roi Borrallas
Interpretación: Roi Borrallas
Deseño luz e son: Joan Cot
Mirada externa: Joan Cot
Escenografía: Mina Trap
Vestiario: Piti de More
Acompañamento artístico: Toti Toronel



# CRISÁLIDA

## CARAMUXO TEATRO

**TEATRO PRINCIPAL**
**24 DE FEBREIRO**
**18.30 H**

Prezo: 3 €

Idade recomendada: >6 anos

Duración: 50 min

Lingua: galego

*Crisálida* é un espectáculo que quere poñer en valor a importancia do comercio tradicional nun mundo globalizado e cada vez máis dixitalizado. A necesidade da existencia deses espazos que axudan a crear comunidade. Unha historia coa que queremos facerlle unha pequena homenaxe a esas persoas que fan as nosas cidades máis vivas.

Historias como as da mercería Crisálida amósannos que este tipo de negocios, máis baseados nas relacións humanas e non só no beneficio económico, deben protexerse e recuperarse. Son parte do noso patrimonio e por iso, no 20 aniversario como compañía teatral, queremos celebralo con eles.

Directora: Olga Margallo
Elenco: Laura Sarasola Pontón, Josito Porto, Juan Rodríguez, Anahí Taraburelli
Vestiario: Diego Valeiras
Monicreques: Iker Pérez
Banda sonora orixinal: Tito Barbeito
Máscaras: Antía Ferrer
Escenografía: Diego Valeiras
Deseño de iluminación e técnico: Suso Jalda

CRIS



# PAÜRA

## COMPAÑÍA LUCAS ESCOBEDO

**AUDITORIO DE GALICIA**
**9 DE MARZO**
**18.30 H**

Prezo: 3 €

Idade recomendada: >6 anos

Duración: 75 min

Idioma: castelán

*Paüra* é un espectáculo de humor. Dámoslle a man á *Paüra* e levámola de compañeira a unha aventura escénica para todos os públicos con música en directo. O medo nunca foi un bo conselleiro e, con todo, a miúdo é o que nos move a accionar. O medo existe e cohabita en cada un de nós; desexamos non sentilo, pero levámolo dentro.

Afondamos na linguaxe do pallaso, para falar do medo con gargallada e poesía. Un concerto teatral. Unha peza musical chea de hilaridade.

Dirección: Lucas Escobedo
Axudante de dirección: Joan Cusó
Dramaturxia: Lucas Escobedo
Dirección e composición musical: Raquel Molano
Intérpretes: Lucas Escobedo, Raquel Molano, Alfonso Rodríguez e Marta Sitjà
Voces en off: Amaia, Xabi e Mikel
Responsable da arte e vestiario: Paloma Bravo
Coordinación e deseño do proxecto: Mireia Romero
Deseño de iluminación: Juanjo Llorens
Técnico en xira: Rubén Franco
Deseño de son e técnico en xira: Óscar Guzman
Asesoramento interpretación: Mar Navarro.
Asesoramento voz: Christian Atanasiu
Asesoramento maxia: Juan Paños
Responsable de produción: Iruña Iriarte - Cía. Lucas Escobedo

# AMAL

## COMPANYIA DE COMEDIANTS LA BALDUFA



David del Val

**TEATRO PRINCIPAL**
**13 DE ABRIL**
**18.30 H**

Prezo: 3 €

Idade recomendada: todos os públicos

Duración: 48 min

Idioma: castelán

*6 de setembro. Emprendo a viaxe cara a Europa.*

*8 de setembro. A noite é escura. O mar está picado.*

*10 de setembro. Conseguino. Crucei o Mediterráneo.*

Na periferia dunha cidade calquera, nun vello patio, Amal escóndese en plena fuxida. É unha moza que despois de vivir os horrores da guerra tivo que deixar o seu país en busca de refuxio en Europa. Non sabe que, nese mesmo lugar, outra moza tamén buscou refuxio para escapar das súas propias angustias e preocupacións. Quizais descubran que comparten máis do que podían imaxinar... Que a pesar das diferenzas, ambas anhelan atopar un lugar seguro onde sentirse acollidas e libres da violencia e a incerteza.

*Amal*, en árabe, significa esperanza. E iso queremos que sexa este relato. Unha historia sobre as persoas, a vida e a esperanza de crear un mundo mellor.

Autoría: La Baldufa: Enric Blasi, Emiliano Pardo, Carles Pijuan & Dúo Laiaiona (Laia Gómez e Ona Vives)
Dirección: La Baldufa
Intérpretes: Ona Vives, Laia Gómez
Composición musical: Òscar Roig
Deseño de luces: Anjos Fernández
Deseño escenográfico: Carles Pijuan
Deseño e confección de vestiario: Olga Cuito
Construción de escenografía: Juan Manuel Recio, Carles Pijuan, Jaume Serrat
Técnico: Anjos Fernández
Voces en off catalán e castelán: Begonya Ferrer
Produción: Pilar Pàmpols, Maria Carles, Enric Blasi

AMA

R COMISIÓNS ARTÍSTICAS DE LA RED



# GRAN GALA DO CIRCO

## PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS

**AUDITORIO DE GALICIA**
**21 DE ABRIL**
**18.30 H**

Prezo: 3 €

Idade recomendada: todos os públicos

Duración: 75 min

Lingua: galego

Coa Gran Gala de Circo celébrase no Auditorio de Galicia o Día Internacional do Circo. Un espectáculo de variedades coordinado por Pistacatro. Un feixe de artistas locais e vidos doutras terras preparan unha festa para gozo do público grande e miúdo.

Non esperedes que volo conten e vide ver o espectáculo máis grande do mundo.

Pasen e vexan!

# PorVezPrimeira

Unha nova edición de *PorVezPrimeira* recolle dúas coidadas propostas dirixidas á primeira infancia. Unha selección especialmente pensada para bebés e público miúdo. Deste xeito, o Teatro Principal e o Auditorio de Galicia queren converterse no lugar da primeira experiencia cultural da veciñanza.

Recoméndase que non haxa máis de 2 acompañantes por bebé ou crianza.

Deberase mercar unha entrada para cada asistente independentemente da súa idade.



Asestelo

# COLIÑO

## A XANELA DO MAXÍN

**TEATRO PRINCIPAL**
**4 DE MAIO**
**17.00 E 18.00 H**

Prezo: 3 €

Idade recomendada: de 0 a 3 anos

Duración: 40 min

Lingua: sen texto

Unha obra musical e sensorial dirixida á primeira infancia e as súas familias, na que as crianzas poden estimular os sentidos e as emocións.

*Coliño* é o lugar natural onde imos dende que nacemos e que buscamos cando necesitamos seguridade, defensa, protección, consolo, ánimo e calor.

*Coliño* está concibido dende o apego, as emocións e o vínculo afectivo entre as e os bebés e a súa contorna.

*Coliño* mestura todas as enerxías positivas para a mellora do bebé, da crianza e da persoa.

*Coliño* somos moitas e moitos.

A través de sons, luces, cores e unha coidada posta en escena foméntase o apego coas familias nun espazo de protección e calma xunto con estímulos que fan que descubran o mundo que as rodea.

Asesoría musical: Paulo Lameiro
Escenografía e construción monicreques: Daniel Rodríguez, Julia Abal e A Xanela do Maxín
Deseño de iluminación: Octavio Más
Música e efectos: Lois Prado, Julia Abal e Xosé Breijo "Topo"
Elenco: Celtia Figueiras, Xosé Breijo “Topo Vidal”, Lois Prado e Julia Abal
Autoría: Xosé Breijo "Topo"
Vestiario: Celtia Figueiras
Dirección: Celtia Figueiras e Xosé Breijo
Música orixinal: Lois Prado
Gravación e montaxe vídeo: Diogo Diéguez e Isabela Costa
Produción e distribución: A Xanela do Maxín
Composición: Lois Prado



# UNIVERS

## ENGRUNA TEATRE

**AUDITORIO DE GALICIA**
**5 DE MAIO**
**11.00 E 12.30 H**

Prezo: 3€

Idade recomendada: 0 a 2 anos

Duración: 40 min

Lingua: sen texto

Unha experiencia sensorial para a primeira infancia chea de poesía visual, música en directo e movemento. Individuos, obxectos, que se desordenan, móvense, vólvense ordenar. Que atopan o equilibrio e a harmonía dentro da inmensidade. Que buscan como existir no medio do caos, nun lugar concreto e un instante preciso. Cada habitante deste cosmos, cada son, cada movemento, está suxeito a unha fráxil relación con todo o resto.

*Univers* é un espazo onde convivir coa nosa vulnerabilidade e a capacidade de adaptarnos a cada nova situación. Un lugar onde explorar como o máis pequeno e aparentemente insignificante pode cambialo todo da forma máis inesperada.

Unha vivencia única e irrepetible que se constrúe de novo cada vez e convértese nunha viaxe evocadora e inmersiva.

Idea orixinal: Anna Farriol, Mireia Fernández, Txell Felip e Júlia Santacana
Dirección: Mireia Fernández
Acompañamento na dirección: Núria Olivé
Interpretación: Jordi Sala, Anna Farriol e Iria Corominas/Maria Ballús
Creación espazo sonoro, técnico e músico en escena: Jordi Sala
Asesoramento artístico e performativo: Dalija Acin Thelander
Espazo escénico: Clàudia Vilà
Estruturas móbiles: Carles Piera
Atrezzo: Castells i Planas
Deseño de luces: Ganecha Gil
Deseño e confección do vestiario: Núria Espinach

# Calendario

## XANEIRO 2024

| Data | Espectáculo | Compañía | Espazo | € | Hora | Categ. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Sáb 20 | IRIBARNE | ButacaZero, Centro Dramático Nacional e Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia | Auditorio de Galicia | 12 | 19:00 | Teatro |
| Ven 26 | ROMEO Y JULIETA DESPIERTAN... | Entrecajas Producciones Teatrales e Teatro Español | Auditorio de Galicia | 14 | 20:30 | Teatro |
| Sáb 27 | ROMEO Y JULIETA DESPIERTAN... | Entrecajas Producciones Teatrales e Teatro Español | Auditorio de Galicia | 14 | 20:30 | Teatro |
| Sáb 27 | SOLO | Roi Borrallas | Teatro Principal | 3 | 18:30 | En Familia |

## FEBREIRO 2024

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Ven 2 | AS ALUMNAS | Culturactiva | Teatro Principal | 12 | 20:30 | Teatro |
| Sáb 3 | AS ALUMNAS | Culturactiva | Teatro Principal | 12 | 20:30 | Teatro |
| Xov 15 | ISOLADA | Natalia Outeiro "Pajarito" | Teatro Principal | 12 | 20:30 | Circo |
| Ven 16 | IPHIXENIA NA PORTA DO SÚPER | Compañía Humana | Teatro Principal | 12 | 20:30 | Teatro |
| Sáb 17 | LA VIDA ES SUEÑO | Lazona e CNTC | Auditorio de Galicia | 14 | 20:30 | Teatro |
| Ven 23 | NOSO | Os Náufragos Teatro | Teatro Principal | 12 | 20:30 | Teatro |
| Sáb 24 | CRISÁLIDA | Caramuxo Teatro | Teatro Principal | 3 | 18:30 | En Familia |
| Xov 29 | BAILADOR | Óscar Cobos | Auditorio de Galicia | 10 | 20:30 | Danza |

## MARZO 2024

| Data | Espectáculo | Compañía | Espazo | € | Hora | Categ. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Ven 1 | **EL PADRE** | Focus- Teatre Romea | Auditorio de Galicia | 14 | 20:30 | Teatro |
| Sáb 2 | **DESPROVISTO** | UpArte | Teatro Principal | 10 | 20:30 | Circo |
| Xov 7 | **DEADPAN KARAOKE** | Ibuprofeno Teatro | Teatro Principal | 12 | 20:30 | Teatro |
| Ven 8 | **DEADPAN KARAOKE** | Ibuprofeno Teatro | Teatro Principal | 12 | 20:30 | Teatro |
| Sáb 9 | **PAÜRA** | Compañía Lucas Escobedo | Auditorio de Galicia | 3 | 18:30 | En Familia |
| Sáb 9 | **CEIBE** | Fran Sieira | Teatro Principal | 10 | 20:30 | Danza |
| Xov 14 | **MANUELA REY IS IN DA HOUSE** | TEATRO NACIONAL DONA MARIA II, TNSJ, CDG; TEATRO DO NOROESTE – CENTRO DRAMÁTICO DE VIANA | Teatro Principal | 12 | 20:30 | Teatro |
| Ven 15 | **MANUELA REY IS IN DA HOUSE** | TEATRO NACIONAL DONA MARIA II, TNSJ, CDG; TEATRO DO NOROESTE – CENTRO DRAMÁTICO DE VIANA | Teatro Principal | 12 | 20:30 | Teatro |
| Sáb 16 | **MANUELA REY IS IN DA HOUSE** | TEATRO NACIONAL DONA MARIA II, TNSJ, CDG; TEATRO DO NOROESTE – CENTRO DRAMÁTICO DE VIANA | Teatro Principal | 12 | 20:30 | Teatro |

## ABRIL 2024

| Data | Espectáculo | Compañía | Espazo | € | Hora | Categ. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Ven 5 | **FLAMENCO FUTURO** | Álvaro Murillo | Teatro Principal | 10 | 20:30 | Danza |
| Sáb 6 | **MORTAIS E VULNERABLES** | Furia Sotelo | Teatro Principal | 10 | 20:30 | Danza |
| Ven 12 | **MACHO GRITA** | Compañía Nacional de Teatro Clásico | Teatro Principal | 14 | 20:30 | Teatro |
| Sáb 13 | **AMAL** | La Baldufa | Teatro Principal | 3 | 18:30 | En Familia |
| Ven 19 | **1888. SEÑORITA XULIA** | Estudo Momento | Teatro Principal | 12 | 20:30 | Teatro |
| Sáb 20 | **SONOMA** | La Veronal | Auditorio de Galicia | 10 | 20:30 | Danza |
| Dom 21 | **GRAN GALA DO CIRCO** | Pistacatro | Auditorio de Galicia | 3 | 18:30 | En Familia |
| Ven 26 | **ENTREGA EN MAN** | Contraproducións | Teatro Principal | 12 | 20:30 | Teatro |
| Sáb 27 | **ENTREGA EN MAN** | Contraproducións | Teatro Principal | 12 | 20:30 | Teatro |
| Dom 28 | **BERRO** | Nova Galega de Danza | Auditorio de Galicia | 10 | 20:30 | Danza |

## MAIO 2024

| Data | Espectáculo | Compañía | Espazo | € | Hora | Categ. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Ven 3 | O PUNTO IMPROPIO | Javier Martín | Teatro Principal | 10 | 20:30 | Danza |
| Sáb 4 | COLIÑO | A xanela do maxín | Teatro Principal | 3 | 17:00 e 18:00 | En Familia |
| Sáb 4 | LA COMEDIA DE LOS ERRORES | Mixtolobo S.L. e Festival de Mérida | Auditorio de Galicia | 14 | 20:30 | Teatro |
| Dom 5 | UNIVERS | Engruna Teatre | Auditorio de Galicia | 3 | 11:00 e 12:30 | En Familia |
| Xov 9 | ADICTOS | Pentación Espectáculos | Auditorio de Galicia | 14 | 20:30 | Teatro |
| Xov 16 | MADE IN GALIZA | Sarabela Teatro | Teatro Principal | 12 | 20:30 | Teatro |
| Ven 17 | MADE IN GALIZA | Sarabela Teatro | Teatro Principal | 12 | 20:30 | Teatro |
| Ven 24 | O ÚNICO QUE VERDADEIRAMENTE QUIXEN TODA A VIDA É SER DELGADA | ButacaZero | Teatro Principal | 12 | 20:30 | Teatro |
| Sáb 25 | RAPADAS | ButacaZero | Igrexa da Universidade | 12 | 20:30 | Teatro |

AVANCE DO SEGUNDO SEMESTRE:

## OUTUBRO 2024

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Sáb 19 | AS BRUXAS DE SALEM | TNSJ | Auditorio de Galicia | 14 | 19:00 | Teatro |



## CLUB C!

### DE QUE SE TRATA

O Club C! é unha proposta de actividades para se achegar de xeito diverso aos contidos das actividades culturais compostelás. Comprende actividades que buscan coñecer mellor as propostas artísticas que nos ofrece a programación cultural municipal e deste xeito afondar na experiencia como espectadoras e espectadores culturais.

Este semestre manteremos dentro do Club C! as seguintes actividades:

### #POSFUNCIÓN

Cando baixe o pano, conversaremos con integrantes do equipo de cada espectáculo arredor da temática e da súa experiencia de traballo. A partir de aí, o debate estará aberto ao público asistente.

### #CONVERSANDO

Programa de encontros, manifestacións orais e faladoiros arredor dos contidos e liñas temáticas que conflúen nos espectáculos desta programación.

### AXENDA C

A Axenda C é un boletín electrónico que te manterá informada/o regularmente das actividades culturais da cidade. En menos dun minuto poderás darte de alta sen custo.

Se non queres perder nada, entra na web de Compostela Cultura, subscríbete e goza de toda a Cultura de Compostela!

## VENDA DE ENTRADAS

### ONDE?

- Preferentemente a través do portal compostelacultura.gal
- Despacho de billetes da Zona C. Punto de Información Cultural. Aberto de martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 horas. Teléfono 981 542 462
- Nos despachos de billetes dos espazos escénicos dende unha hora antes do comezo dos espectáculos.

**Descontos** e entradas especiais naquelas funcións marcadas que así o sinalan:

- Descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e integrantes de familias monoparentais ou numerosas.
- Descontos non acumulables entre si. Só se pode aplicar un desconto por entrada.

### AVISO!

Pregamos contrastar a información actualizada na páxina web **compostelacultura.gal**

## ESPAZOS

**AUDITORIO DE GALICIA**
Avda. Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela
981 552 290 (oficinas)
981 57 1 02 (despacho de billetes)

**TEATRO PRINCIPAL**
Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
981 542 347 (oficinas)
981 542 349 (despacho de billetes)

**ZONA C. PUNTO DE INFORMACIÓN CULTURAL**
Rúa do Preguntoiro, 1 (Praza de Cervantes)
15704 Santiago de Compostela
981 542 462





# ARTES ESCÉNICAS 2024

PRIMEIRO SEMESTRE

**AUDITORIO DE GALICIA**
Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 55 22 90
Despacho de billetes: 981 571 026
info@auditoriodegalicia.org

**TEATRO PRINCIPAL**
Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
Oficinas: 981 542 347
Despacho de billetes 981 542 349
teatroprincipal@santiagodecompostela.gal

**ZONA C. PUNTO DE INFORMACIÓN CULTURAL**
Rúa Preguntoiro, nº 1
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 542 462
zonac@compostelacultura.gal

Máis información:
**compostelacultura.gal**

- CompostelaCultura
- CCultura
- CompostelaCultura
- CompostelaCulturaTV
- compostelacultura.gal

CONCELLO DE SANTIAGO

Deputación DA CORUÑA

CONSORCIO DE SANTIAGO